



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

Rexistro  
Saída  
436  
15/10/2015

SEC 2015-76

CONCELLO DE CUALEDRO

CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA  
CONCELLO DE CUALEDRO

|  |           |
|--|-----------|
| DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE<br>REXISTRO XERAL |           |
| 22 OUT 2015  |           |
| N.º ENTRADA<br>3018                                | N.º SAIDA |

DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE  
Rúa Progreso, 32  
32003-OURENSE

Cualedro, 15 de Outubro de 2015

**Asunto:** Convenio marco de cooperación en materia de transparencia e acceso á información pública.

Achégolle certificado de aprobación do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Cualedro en materia de transparencia e acceso á información pública de data 15 de outubro de 2015.

O alcalde,

Luciano Rivero Cuquejo





## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

SEC 2015-76

CONCELLO DE CUALEDRO

CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA  
CONCELLO DE CUALEDRO

Cualedro, 15 de Outubro de 2015

**PAULINO FERNANDEZ SALGADO, SECRETARIO DO CONCELLO DE CUALEDRO  
(OURENSE)**

**CERTIFICO:**

Que segundo se desprende da acta da sesión que se referencia, adoptouse o seguinte **ACORDO:**

**15 de Outubro de 2015  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA**

### **APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN DE OURENSE EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

Dáse conta do convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, aprobado polo Pleno da Deputación o día 25 de setembro de 2015.

O dito convenio asíñase coa finalidade de garantir o pleno cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. As accións de cooperación provincial na dita materia reguladas neste convenio son as seguintes:

- Cooperación para o cumprimento das obrigas de publicidade activa das entidades locais, mediante a encomenda de xestión á Deputación, e realizarase a dita publicidade a través do Portal de Transparencia de Ourense.
- Prestación de asistencia xurídica e administrativa para a tramitación dos expedientes de solicitudes de acceso á información pública.

Estas accións terán carácter gratuíto para as entidades locais adheridas.

Con base no anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Aprobar a adhesión do Concello de Cualedro ao Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

Segundo. Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito



## CONCELLO DE CUALEDRO (Ourense)

convenio.

Terceiro. Designar como persoa responsable da execución do convenio a Paulino Fernández Salgado, secretario do Concello. No entanto o anterior, facúltase expresamente ao alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, do que se dará conta ao Pleno.

E para que conste e cause os efectos oportunos, expidese este certificado co visto e praxe do alcalde.

V. e Pr.  
O alcalde,

